

## MESA SECTORIAL DO DÍA 27 DE MAIO DE 2021

**Como cuestión previa ao comezo da Mesa Sectorial, ANPE Galicia demanda a reunión inmediata tanto da Comisión de seguimento do Acordo de Interinos como da Mesa Sectorial para analizar o protocolo para o vindeiro curso escolar e poder facer unha previsión con tempo suficiente do número de vacantes que se deben ofertar no próximo CADP.**

ANPE Galicia considera que **debe manterse todo o profesorado que aumentou durante o curso escolar** que agora remata (máis de 2.500 profesores interinos máis que o curso inmediatamente anterior tal e como recolle o estudo realizado e publicado por ANPE Galicia) e tal e como recomenda o Ministerio de Educación.

### **1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DAS SESIÓNS CELEBRADAS O 13 E O 14 DE ABRIL DE 2021.**

Apróbanse as actas das sesións referidas unha vez feitas as alegacións correspondentes polas Organizacións Sindicais.

### **2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ANÁLISE DO PROTOCOLO DAS OPOSICIÓNS.**

Como consideracións xerais a todo o documento, desde ANPE Galicia consideramos que é un protocolo moi xenérico e impreciso que non aborda con profundidade todas as posibles e hipotéticas casuísticas que se poden producir no desenvolvemento dos procesos selectivos. Debe insistirse en que é fundamental, de cara a que os e as aspirantes se poidan organizar con tempo suficiente, coñecer o antes posible os lugares de actuación de cada tribunal así como a distribución dos aspirantes nos distintos tribunais. Hai que ter en conta que os procesos selectivos supoñen a mobilidade dun grande número de persoas con todo o que iso conleva a nivel organizativo (aloxamento, desprazamentos etc). Se nun ano normal ditas cuestións organizativas supoñen un esforzo engadido para o persoal aspirante, nas circunstancias actuais moito máis ao poder atoparse con limitacións no aforo de establecementos de hostalería e/ou en medios de transporte polo que é necesario dispor de maior tempo para poder organizar ditas cuestións.

Tamén é básico incidir e garantir o correcto funcionamento das vías de comunicación previstas no protocolo entre os aspirantes e o tribunal que teñan asignado de cara a poder axilizar e garantir a rápida e correcta comunicación de incidencias relativas á COVID

Falta un apartado específico (podería ser un apartado 6) no protocolo que faga referencia á custodia e corrección das probas (que medidas de hixiene específicas se deben adoptar neste sentido) e un Anexo cun modelo de declaración responsable para o persoal aspirante onde se faga referencia a que son coñecedores dos riscos, asuman responsabilidade e que non se atopan infectados por COVID ou en situación de non poder asistir ao exame por esta causa (para tratar de evitar que un aspirante infectado decida acudir igualmente ao exame e, polo tanto, reducir riscos). **A Administración resposta que estudará se inclúe un apartado de xestión de residuos pero non vai a incluír ningún sobre custodia de probas nin ningún modelo de declaración responsable.**

No último parágrafo do apartado 1 consideramos que ademais de publicarse na páxina web a información debería enviarse por mail a todas as persoas que figuren na listaxe definitiva de admitidos.

No apartado 2, ao facer referencia a que se reducirá o número de opositores por tribunal consideramos que debe facerse referencia explícita ao número concreto de opositores que se poden/deben

asignar como máximo a cada tribunal. No mesmo apartado consideramos que en moitas especialidades non vai a ser viable facer a proba práctica por escrito. A información da aula concreta e lugar onde se van a desenvolver as probas dentro do centro educativo debe figurar tamén nas instalacións do propio centro e non soamente ser notificadas ou publicadas na aplicación de oposicións. Debe tamén elaborarse un plano sobre a situación da aula, direccións de mobilidade, entradas, saídas, etc.

Insistimos en que, se habitualmente é necesario coñecer o antes posible a distribución dos opositores por tribunal e os lugares de actuación de cada una deles e días e horas de comezo, este ano, dadas as especiais características, é máis necesaria ca nunca que se coñezan xa.

No último punto deste apartado 2 non queda determinado a quen corresponde esta función de limpeza. Cremos que non debe ser función dos membros dos tribunais a limpeza e desinfección das superficies nin postos de exame. Deben recollese tamén aspectos como a ventilación ou a dotación de medidores de CO2 en talleres sen ventilación natural onde se poidan desenvolver probas prácticas.

No apartado 3 cando se fai referencia á distancia de 1,5 m e que o persoal que non é citado debe agardar no interior ou no exterior nos espazos habilitados, desde ANPE Galicia consideramos que deben preverse espazos axeitados que poidan permitir agardar resgardado de posibles incidencias meteorolóxicas (choiva, calor excesivo, etc).

Debe terse en conta o aumento do tempo necesario para facer as citacións dos aspirantes cumprindo todas as normas de protección e seguridade e que esta circunstancia non afecte en ningún caso á duración estipulada para cada proba. Non debe quedar á potestade de cada tribunal. Con carácter xeral debe aumentarse no tempo que se estime oportuno a duración de cada proba tendo en conta a ralentización na citación e identificación dos aspirantes.

**ANPE Galicia**, en contra da opinión manifestada por algunha organización sindical, tomou a decisión de non acudir ás sedes de actuación dos tribunais como facía en convocatorias anteriores a entregar información e/ou prestar axuda para non dificultar a entrada dos aspirantes e facilitar as tarefas dos tribunais. **A Administración resposta que NON se vai modificar o texto proposto no Protocolo polo que, NON se vai permitir a entrada de persoas alleas ao procedemento selectivo.**

Con respecto ás tarefas de limpeza e desinfección deben terse en conta as posibles deficiencias de persoal de limpeza para atender este punto en todas as sedes dos tribunais e dotar do persoal de limpeza necesario. Segue sen quedar tampouco claro, neste apartado, quen debe responsabilizarse da hixienización das instalacións e materiais usados nas probas prácticas cando estas non poidan ser realizadas por escrito. En ningún caso debe ser responsabilidade dos membros dos tribunais.

En relación ao apartado 4 gustaríanos preguntar se está previsto que a aplicación xere algún tipo de xustificante para o opositor de que fixo comunicación de atoparse illado, en corentena ou infectado ao tribunal para evitar posibles erros futuros ou perda de información. No caso de non ser así, desde ANPE Galicia solicitamos que a aplicación xere un xustificante de entrega de dita comunicación ao tribunal. Supoñemos tamén que se estas circunstancias teñen que motivar o cambio do día de actuación do aspirante na segunda proba o sistema de comunicación ao tribunal será o mesmo que o establecido no punto anterior pero, non está recollido explicitamente no documento do protocolo e debería quedar reflectido.

No apartado 4.1.1 demandamos que os aspirantes que están exentos do uso da máscara estean obrigados a usar pantalla. Se non se acepta esta proposta solicitamos que o tribunal notifique directamente e con tempo e antelación suficientes a necesidade de utilizar pantalla ás persoas que estean exentas do uso de máscara se así o decide. Ao resto de aspirantes non exento de uso de máscara debería esixírselle máscara FFP2.

No apartado 4.1.3 en relación ao feito de non permitir abandonar a aula ou lugar de exame ata transcorridos 10 minutos do comezo da proba, desde ANPE Galicia podemos entender o feito de que non

se permita a saída ata pasados 30 minutos do comezo da proba para evitar aglomeracións na saída pero non entendemos que non se permita abandonar a aula nos últimos 10 minutos xa que son 10 minutos de saída escalonada que poderían axudar a diminuír a aglomeración de opositores á hora de remate da proba. Incidindo no comentado anteriormente esta saída gradual pode verse favorecida se permitimos a saída de aspirantes tamén nos últimos 10 minutos. Se unha persoa remata o exame 8 minutos antes da hora de remate pode saír individualmente. Se non lle permitimos saír ata o final terá que saír xunto cos restantes opositores demorando desde xeito o baleirado da aula correspondente.

Con respecto ao certificado de asistencia desde ANPE Galicia consideramos que unha posible mellora ou solución alternativa a esta cuestión e que podería axudar aínda máis a evitar as aglomeracións podería ser que os aspirantes que o precisen o soliciten ao tribunal directamente a través da aplicación e se lles remita por mail asinado dixitalmente. **A Administración resposta que non ten este ano capacidade técnica para poder facelo pero que teñen pensado entregar a todos os aspirantes certificado de asistencia que xa terán previamente preparados.**

No apartado 4.2.1 entendemos que a Consellería debe prover ao persoal dos tribunais e colaborador de máscaras FFP2.

No apartado 4.2.2, e incidindo no xa comentado anteriormente, demandamos que quede claro na redacción do protocolo que estas tarefas competen exclusivamente ao persoal de limpeza e debe garantirse a dotación de persoal suficiente para poder cumprir coas obrigas recollidas neste punto.

Habería que artellar un mecanismo para evitar a presentación física de programacións ou méritos.

**A Administración resposta que o estudarán pero, a priori non o ve posible.**

En Ensinanzas Especiais deben establecerse as medidas axeitadas e adecuadas ás características especiais do tipo de probas que se desenvolven sobre todo, no caso das especialidades do corpo de profesores de música e artes escénicas.

Manifestar tamén a nosa preocupación polas repercusións que a campaña de vacinación poida ter nos aspirantes que participen nos procesos selectivos.

Por último, desde ANPE Galicia consideramos que os opositores que acudan á proba extraordinaria do día 10 deberían presentar unha certificación médica de que poden realizar a proba ao estar libres de COVID. **A Administración rexeita esta proposta.**

### 3º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROGOS E PREGUNTAS.

- **Insistimos na petición de reunión da Comisión de Seguimento do Acordo de Interinos e da Mesa Sectorial para tratar o protocolo dos centros educativos para o curso que ven. É importante manter a baixada de rateos, os desdobres e o aumento do profesorado que estivo en vigor durante o presente curso académico.**
- En relación ao nomeamento forzoso de presidencias para os tribunais de oposicións manifestar o noso rexeitamento total. Se hai que nomear presidencias que sexa por sorteo.
- Demandamos información sobre cando van pasar pola Mesa Sectorial as Ordes de asesorías, prazas de atención preferente, convenios etc. **A Administración resposta que Atención Preferente e Convenios pasará brevemente. Asesorías non teñen previsión polo momento.**
- Manifestar problemas coa aplicación para solicitar Comisións de Servizos xa que temos detectado casos de persoas ás que lles permite facer solicitudes por especialidades que non posúen.
- Solicitamos información sobre a intención da Consellería en relación á acumulación do permiso de paternidade ao de maternidade no caso de familias monoparentais. **A Administración resposta que en Galicia xa se está aplicando segundo unhas instrucións xa publicadas.**

# MESA SECTORIAL



ANPE  
SINDICATO INDEPENDIENTE  
GALICIA

- Denunciar o incumprimento da lei nas especialidades de Coro, Osquestra e Banda nos Conservatorios Profesionais. A lei indica que ditas materias teñen que ser impartidas por profesorado especialista de cada especialidade o que non se está a respectar en ningún conservatorio.
- Pedimos aclaración da Consellería sobre si se vai retirar da orde do CADP a posibilidade de que o profesorado de Cátedras de Música con destino definitivo participe no mesmo (en previsión da posible repercusión da sentenza que afecta ao proceso). **A Administración resposta que non está prevista tal modificación da Orde do CADP.**

Sen máis temas que tratar, péchase a sesión sendo as 13:50 horas.



**ANPE**  
SINDICATO INDEPENDIENTE  
GALICIA